

“EFFECTIVE CLASSROOM MANAGEMENT STRATEGIES FOR TEACHERS AND EDUCATION STAFF”

Curso Erasmus+ centrado na adquisición de estratexias eficaces para a xestión da aula e a mellora da práctica docente. Abordáronse temas como a **aprendizaxe socioemocional, a comunicación efectiva, a resolución de conflitos, a aprendizaxe colaborativa, a avaliación formativa, a aula invertida e o uso de ferramentas dixitais e de intelixencia artificial na educación**. A metodoloxía foi práctica e participativa, favorecendo ademais o intercambio de experiencias entre docentes de distintos países europeos e a reflexión sobre a aplicación destas estratexias en contextos educativos diversos, especialmente na Formación Profesional Básica.

Sesión 1: Introducción á xestión eficaz da aula

Abordáronse os principios básicos da xestión da aula e analizáronse diferentes estratexias para crear contornos de aprendizaxe positivos, inclusivos e motivadores. Tráballouse a importancia da aprendizaxe socioemocional e do desenvolvemento dun clima de confianza e respecto na aula.

Sesión 2: Aprendizaxe colaborativa e cohesión de grupo

A sesión centrouse na aprendizaxe cooperativa, o traballo en equipo e a creación de dinámicas que favorecen a participación do alumnado. Realizáronse actividades prácticas destinadas a mellorar a cohesión do grupo, a creatividade e a colaboración entre iguais.

Sesión 3: Aprendizaxe centrada no alumnado

Exploráronse metodoloxías centradas no estudante e técnicas para fomentar unha participación máis activa no proceso de aprendizaxe. Tamén se abordou a atención á diversidade mediante a adaptación das actividades ás necesidades e capacidades do alumnado.

Sesión 4: Aula invertida, avaliación formativa e ferramentas dixitais

Presentouse a metodoloxía da Aula Invertida (*Flipped Classroom*) como unha estratexia para aumentar a autonomía e a implicación do alumnado. Ademais, analizáronse diferentes tipos de avaliación (diagnóstica, formativa e sumativa) e ferramentas prácticas para realizar un seguimento continuo da aprendizaxe. Tráballouse especialmente co uso dos *Entry & Exit Tickets* como instrumentos de reflexión e avaliación rápida, así como con aplicacións dixitais como **Ziplot** e **Socrative**, que permiten recoller evidencias da aprendizaxe, obter retroalimentación inmediata e aumentar a participación do alumnado.

Sesión 5: Mentalidade de crecemento, comunicación positiva e resolución de conflitos

Nesta sesión abordáronse dúas temáticas fundamentais para a práctica docente: a resolución de conflitos e o desenvolvemento dunha mentalidade de crecemento (*Growth Mindset*). En primeiro lugar, analizouse o conflito como unha situación natural derivada de diferenzas de necesidades, valores, opinións ou formas de comunicación. A través de dinámicas prácticas reflexionouse sobre os distintos tipos de conflito e sobre a importancia de entendelos non só como un problema, senón tamén como unha oportunidade para mellorar as relacións, fomentar a empatía, desenvolver a escoita activa e favorecer a colaboración.

A continuación traballouse o concepto de **mentalidade de crecemento**, entendida como a crenza de que as capacidades e a intelixencia poden desenvolverse mediante o esforzo, a perseveranza e a aprendizaxe continua. Comparouse esta visión coa mentalidade fixa, que considera as capacidades como algo inmutable, e analizouse a influencia que ambas teñen na motivación e no rendemento do alumnado. Tamén se realizaron actividades para identificar crenzas limitantes e transformalas en oportunidades de mellora mediante unha comunicación positiva e un feedback construtivo.

Por último, reflexionouse sobre a importancia de utilizar unha linguaxe que valore o esforzo, normalice os erros como parte da aprendizaxe e axude ao alumnado a desenvolver confianza nas súas posibilidades de progreso. As estratexias presentadas resultan especialmente útiles para aumentar a motivación, a resiliencia e a implicación dos estudantes no seu propio proceso de aprendizaxe.

Sesión 6: Intercambio de experiencias e avaliación final

A última sesión dedicouse á posta en común de boas prácticas entre docentes de diferentes países europeos, á reflexión sobre as aprendizaxes adquiridas durante a semana e á avaliación final do curso. Esta actividade permitiu coñecer diferentes realidades educativas e establecer contactos profesionais para futuras colaboracións.

Valoración xeral

O curso proporcionou ferramentas prácticas e facilmente aplicables para mellorar a xestión da aula, incrementar a motivación e a participación do alumnado e favorecer un clima de convivencia positivo. Resultou especialmente útil para o traballo con alumnado de Formación Profesional Básica, onde o desenvolvemento do sentimento de pertenza, a atención ás necesidades emocionais e a avaliación continua desempeñan un papel fundamental.